

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

- 1918** *Real decreto 48/2010, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional sexta establece que, ademais das recollidas na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, son bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos docentes as reguladas pola propia lei orgánica e a normativa que a desenvolva para o ingreso e a mobilidade entre os corpos docentes e encoméndalle ao Goberno o seu desenvolvemento regulamentario naqueles aspectos básicos que sexan necesarios para garantir o marco común básico da función pública docente.

Con este obxecto publicouse o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.

Para facilitar a implantación no curso académico 2009-2010 do máster universitario que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas, nas reunións do Consello de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria dos pasados 1 e 2 de xuño de 2009, respectivamente, acordouse un conxunto de 11 medidas baixo os principios de flexibilidade e adecuación á actual situación de crise económica e elevado número de persoas en desemprego, así como outras destinadas a facilitar a mellor resolución das cuestións sinaladas por parte das universidades e comunidades autónomas, entre as que se prevé a de flexibilizar os prazos de cumprimento de requisitos aos candidatos ás prazas que se convoquen para o ingreso nos corpos de profesores de ensino secundario, só e de forma excepcional durante o curso indicado 2009-2010.

O título competencial recollido na disposición derradeira primeira do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, sinala que o dito real decreto ten carácter básico. Conforme a reiterada doutrina do Tribunal Constitucional (por todas, STC 131/1996), a condición básica dunha regulación pódese estender a unha norma de rango regulamentario, atendendo ao «carácter marcadamente técnico ou á natureza conxuntural e cambiante destes». De acordo con este pronunciamento, débese entender que a regulación do prazo en que se deben reunir os requisitos para os procesos de ingreso nos corpos docentes que se convoquen no curso 2009-2010 debe ter substantividade básica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Educación, e o Ministerio de Política Territorial emitiu informe sobre el. Conta tamén co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude e por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e regulación do réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro.*

1. A disposición transitoria única do regulamento pasa a denominarse «Disposición transitoria primeira».

2. Engádesse unha nova disposición transitoria segunda no regulamento, redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria segunda. *Prazo en que se debe reunir o requisito de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para os procesos de ingreso nos corpos docentes que se convoquen no curso 2009-2010.*

De forma excepcional, nos procesos de ingreso que se convoquen no curso 2009-2010, os aspirantes deberán reunir e acreditar o requisito de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no momento da publicación das listas de aspirantes seleccionados que superasen as fases de oposición e concurso a que fai referencia o artigo 28 deste regulamento.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o parágrafo anterior ou que da documentación achegada se deduza que carecen dalgúns dos requisitos exixidos non poderán ser nomeados funcionarios dos corpos a que se refire este real decreto e quedarán anuladas todas as súas actuacións.

De se producir o caso mencionado no parágrafo anterior, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL